



Guía Docente

Datos Identificativos					2017/18
Asignatura (*)	Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa		Código	652G03020	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Rego Agraso, Laura	Correo electrónico	laura.rego@udc.es		
Profesorado	Rego Agraso, Laura	Correo electrónico	laura.rego@udc.es		
Web	www.educacion.udc.es/				
Descrición xeral	<p>A materia ?Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa? persegue que os futuros profesionais da educación social sexan capaces atender ás diferentes perspectivas sobre a comunicación e a colaboración nos procesos de desenvolvemento da acción socioeducativa. Oriéntase pois, ao desenvolvemento de capacidades que permitan a utilización daquelas estratexias de comunicación e colaboración que mellor se adecúen a dinamización dos proxectos no marco dos contextos de intervención destes profesionais.</p> <p>Deste modo, os principais núcleos temáticos céntranse na análise, coñecemento e práctica das estratexias de colaboración, comunicación e de xestión da información para o deseño, desenvolvemento e avaliación de proxectos que se levan a cabo nos diferentes ámbitos da acción socioeducativa.</p>				

Competencias do título

Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer as diferentes perspectivas sobre a comunicación e a colaboración que afectan aos procesos de intervención socioeducativa.	A5 A10 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Desenvolver técnicas, estratexias e dinámicas de comunicación en público dende a perspectiva das habilidades comunicativas e a eficacia da comunicación educativa	A7 A8 A9 A11 A12 A17 A18	B1 B6	C1 C4 C6
Analizar a dixitalización da comunicación e da colaboración no quefacer socioeducativo.	A5 A7 A10 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Utilizar diferentes estratexias de comunicación e de xestión da información no desenvolvemento de proxectos socioeducativos.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C1 C4 C6



Comprender, valorar e transmitir de forma crítica a información no contexto da dinamización cultural e a intervención socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Aplicar diferentes estratexias de rexistro, interpretación e difusión da información no desenvolvemento da acción socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Asumir un compromiso ético co tratamento das novas formas de comunicación social a favor da intervención e desenvolvemento sociocomunitario.	A5 A7 A10 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Coñecer e aplicar as diferentes estratexias de colaboración para a dinamización dos equipos de traballo na acción socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Desenvolver diferentes dinámicas democráticas de inclusión, representación e participación na realización de proxectos de animación sociocomunitaria.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Avaliar o sentido e funcionamento das dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa.	A5 A10 A12 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Diferenciar os modelos educativos segundo o tipo de proceso comunicativo que se establece entre os educadores/as, educandos/as e contexto.	A5 A14 A17	B1 B4 B6	C1 C4 C6
Identificar e comprender a representación dos colectivos socialmente vulnerables que se manifesta mediante a construción discursiva da realidade social e o uso da linguaxe.	A5 A8 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Empregar unha linguaxe inclusiva, representativa e non invisibilizadora dos colectivos socialmente vulnerables, ao expresarse tanto oralmente como por escrito.	A5 A7 A8 A9 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B5 B6	C1 C4 C6



Interpretar a participación social como unha parcela educable da persoa, comprendendo a importancia do asociacionismo e dos movementos sociais no desenvolvemento sociocomunitario e no fortalecemento da democracia como sistema político.	A5 A7 A8 A9 A10 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Realizar unha lectura e análise crítica do papel xogado polos medios de comunicación social, así como das súa influencia na sociedade actual dende o punto de vista educativo e de representación dos colectivos socialmente vulnerables.	A5 A8 A10 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Coñecer os procesos que vinculan a comunicación social coa educación (educación social), analizando o papel da educación social neste ámbito.	A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A17	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Comprender a relevancia da intelixencia emocional nos procesos socioeducativos, significando a educación emocional como un dos elementos clave no deseño e desenvolvemento de proxectos educativos.	A5 A7 A9 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Comprender os procesos de liderado nos contextos sociais e educativos, así como os elementos implicados na comunicación persoal e os estilos comunicativos.	A5 A7 A8 A9 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Desenvolver habilidades comunicativas positivas, proactivas e respectuosas en relación ao uso da linguaxe verbal e non verbal na comunicación interpersonal e en grupo.	A5 A7 A12 A17 A20	B1 B3 B4 B5 B6	C1 C4 C6
Deseñar os procesos comunicativos internos e externos dunha organización social aplicando as posibilidades das TIC para tal fin.	A8 A9 A10 A17 A18	B1 B3 B4 B5	C1 C4 C6



Contidos	
Temas	Subtemas
1. A comunicación e a linguaxe	O proceso comunicativo dende a psicoloxía social A linguaxe: Concepto, elementos, clasificacións Usos da linguaxe: a construción discursiva da realidade social O xénero, a discapacidade, a inmigración e a exclusión na linguaxe
2. A comunicación na acción socioeducativa.	Modelos educativos e comunicativos Axentes e elementos na comunicación educativa A dimensión física da comunicación educativa: canle e contexto físico Os medios de comunicación social: lectura e análise crítica Propaganda, publicidade e estratexias de mercado A educación da comunicación: Educomunicación
3. As TIC e as redes	Introdución ao social media Recursos TIC para a aprendizaxe: Espazos coworking; redes de aprendizaxe (learning networks); recursos educativos en aberto (OER); Massive open online courses (MOOC) e Personal learning environments (PLE) A infografía como ferramenta comunicativa na rede O plan de comunicación nas organización sociais: diagnóstico de necesidades, deseño e avaliación
4. Colaboración, relación e participación	A aprendizaxe cooperativa e colaborativa A relación do centro socioeducativo coa súa contorna A participación como parcela educable: asociacionismo e movementos sociais Os grupos e o seu funcionamento: dinámicas e técnicas de grupo
5. A educación emocional na comunicación	As emocións e os sentimentos na educación: educación emocional A intelixencia emocional e social: concepto e condicionantes A teoría das intelixencias múltiples O humor: implicación para as organizacións
6. O liderado educativo e os estilos comunicativos	Liderado educativo e estilos comunicativos O educador/a como comunicador/a: habilidades comunicativas, estratexias de comunicación en público e implicacións da linguaxe verbal e non verbal

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 A8 A11 A14 A17 B6 C1 C4 C6	21	31	52
Discusión dirixida	A5 A7 A8 A9 A14 A17 A18 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	4	2	6
Traballos tutelados	A5 A7 A9 A10 A12 A14 A17 A18 A20 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	10	5	15
Portafolios do alumno	A5 A7 A8 A9 A10 A14 A17 A18 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	2	45	47
Proba mixta	A5 A8 A10 A11 A14 A17 B1 B5 B6 C1 C4 C6	2	18	20



Presentación oral	A7 A10 A11 A12 A14 A17 A20 B1 B5 B6 C1 C4 C6	5	2	7
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Mediante a sesión maxistral desenvolveranse os contidos que conforman o marco teórico da materia empregando a exposición oral por parte da profesora e tamén do alumnado. Apoiarase dita exposición co uso de recursos audiovisuais de distinto tipo así como coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos bloques temáticos que conforman a guía docente da materia, indicando os aspectos sobre os que o alumnado pode afondar coas oportunas orientacións bibliográficas. Tamén se empregarán técnicas de aprendizaxe cooperativa mediante o uso de grupos informais co obxectivo de manter a atención do alumnado nestas sesións expositivas.
Discusión dirixida	Esta metodoloxía está orientada a que o alumnado reflexione sobre a aplicación das distintas estratexias de colaboración, comunicación, xestión e difusión da información na dinamización cultural e no desenvolvemento da acción socioeducativa. Existirán polo tanto, debates, coloquios ou reflexións conxuntas en torno aos temas centrais da materia ao longo das sesións tanto expositivas como interactivas.
Traballos tutelados	Proporase a realización de traballos individuais ou en grupo durante as sesións interactivas. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completadas mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán pola profesora. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia, como outros de carácter complementario que poderán ser facilitados pola profesora ou localizados de forma autónoma polo alumnado. Cada un dos traballos tutelados propostos na aula serán entregados na seguinte sesión interactiva (a semana seguinte) en formato papel ou mediante a Moodle da materia, sendo só posible entregar de forma tardía dous traballos para poder ser avaliado mediante a modalidade presencial. En caso de presentar os traballos fóra de prazo de forma reiterada (máis de dúas veces), o alumnado do grupo correspondente deberá ser avaliado/a mediante a modalidade non presencial.
Portafolios do alumno	O alumnado deberá realizar en pequeno grupo un traballo final da materia podendo elixir entre dúas modalidades: Opción 1. Deseño do plan de comunicación dunha institución socioeducativa. Dita organización poderá ser elixida polo alumnado e o plan de comunicación deberá presentar un proceso previo de diagnóstico de necesidades, así como o deseño da acción e a avaliación da mesma. Opción 2. Construción do portafolios grupal da materia. Colección de traballos dos estudantes acerca da materia ordenado a modo de diario de aula, existindo cando menos, unha entrada por cada sesión expositiva e outra por cada sesión interactiva. En cada entrada o alumnado deberá sintetizar o abordado na aula, realizar unha reflexión persoal acerca do mesmo e afondar sobre o tema empregando necesariamente bibliografía básica e complementaria da materia.
Proba mixta	A proba mixta será unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da cal, o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos e habilidades adquiridas, ao longo do desenvolvemento da materia. Esta proba estará composta por preguntas tipo test e/ou preguntas abertas, estando a súa orientación directamente relacionada coa materia e cos aspectos abordados nas sesións, tanto expositivas como interactivas, así como cos traballos realizados polo alumnado no contexto da mesma.
Presentación oral	Ten como obxecto construír unha visión crítica respecto das técnicas de dinamización de grupos, así como desenvolver de forma aplicada algunhas destas técnicas para abordar os contidos co resto dos compañeiros/as de aula, logrando planificar este tipo de accións tomando en consideración as características do grupo, os obxectivos da metodoloxía empregada e a súa planificación e avaliación. De igual modo, tamén se empregará esta metodoloxía á hora de presentar e compartir os traballos realizados polos grupos co resto de compañeiros e compañeiras.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Portafolios do alumno	<p>Para desenvolver a atención personalizada en relación aos traballos tutelados, a profesora realizará un seguimento do traballo en grupo do alumnado ao longo das sesións interactivas da materia. Implican unha participación obrigatoria para o alumnado considerado asistente e nelas, a profesora dará orientacións e pautas para realizar os traballos tutelados, sendo o momento prioritario para solventar dúbidas, aclarar cuestión ou afondar sobre o contido e as accións a realizar en relación aos traballos tutelados.</p> <p>A atención personalizada a desenvolver respecto do portafolios do alumno/a traballo grupal, realizarase igualmente nas sesións interactivas da materia, reservando un tempo específico para o seguimento por parte da profesora, do progreso do alumnado nesta tarefa. A partir do mesmo, a profesora proporcionará orientación ao alumnado para mellorar o seu traballo grupal, localizar información ou recursos de interese e organizar a estrutura do traballo.</p> <p>-----</p> <p>O alumnado que conte co recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC (Artigos 3ºb e 4º.5) do 29/05./2012 e as Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario? (Artigos 3º e 8ºb) do 28/09/2016, deberá realizar tódolos traballos tutelados de forma individual, así como o portafolios do alumno/a. A súa atención personalizada respecto de ambas metodoloxías, realizarase en función da súa dispoñibilidade e no horario de titorías da profesora.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A5 A7 A9 A10 A12 A14 A17 A18 A20 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	<p>Este tipo de traballos, serán iniciados na aula polo alumnado e completados de forma autónoma de ser necesario. Será avaliado o seu contido tomando en consideración os criterios seguintes, entre outros:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estrutura: coidado da presentación (respecto polo formato), organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical. - Grao de comprensión das ideas básicas da materia. - Dominio conceptual e uso apropiado do vocabulario da materia. - Emprego de fontes bibliográficas variadas e corrección na citación das fontes. - Capacidade de relación dos contidos entre sí e con outro material consultado. - Coherencia entre os diferentes apartados. - Grao de afondamento de cada un dos apartados e relación co abordado na aula. 	15
Proba mixta	A5 A8 A10 A11 A14 A17 B1 B5 B6 C1 C4 C6	<p>A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia, polo que estará composta tanto por preguntas pechadas como abertas. Estas últimas serán de carácter breve e valorarase especialmente a capacidade tanto de concreción e síntese, como de relación cos contidos analizados tanto nas sesións expositivas como interactivas. Valorarase igualmente a organización da información, a coherencia e a comprensión dos contidos.</p>	50



Portafolios do alumno	A5 A7 A8 A9 A10 A14 A17 A18 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	<p>O portafolios do alumno/a ou plan de comunicación será avaliado en relación tanto ao contido do traballo como á súa exposición na aula. Nese senso, en relación ao contido do mesmo avaliarase, tomando en consideración entre outros criterios, os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">- Estrutura: coidado da presentación (respecto polo formato), organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical.- Grao de comprensión das ideas básicas da materia.- Dominio conceptual e uso apropiado do vocabulario da materia.- Emprego de fontes bibliográficas variadas e corrección na citación das fontes.- Capacidade de relación dos contidos- Coherencia entre os diferentes apartados- Grao de afondamento de cada un dos apartados e relación co abordado na aula.	25
Presentación oral	A7 A10 A11 A12 A14 A17 A20 B1 B5 B6 C1 C4 C6	<p>Con respecto ás exposicións na aula por parte do alumnado, tomarase en consideración o seguinte á hora de avaliar:</p> <ul style="list-style-type: none">? Relevancia, pertinencia e organización coherente dos contidos expostos.? Emprego de apoios audiovisuais ou outros recursos que faciliten o seguimento do discurso por parte da persoa oínte.? Nivel de coordinación do grupo (nas exposicións grupais).? Nivel de comprensión dos contidos básicos da materia e capacidade de expresión coherente dos mesmos.? Claridade expositiva.	10

Observacións avaliación



Para

superar a materia será necesario acadar cando menos, 5 puntos sobre 10 en cada un dos elementos anteriores (media dos traballos tutelados; portafolios e proba mixta). En caso de non acadar dita puntuación en todas e cada unha das evidencias que se requiren, o alumnado non terá superada a materia.

Todos

aqueles traballos que se detecte que non son orixinais ou que están plaxiados de outros autores/as serán cualificados como non aptos, sendo a súa nota un 0. No caso de tratarse do traballo final da materia, esta situación virá aparelada coa nota de suspenso no devandito traballo, o que implicará que a materia non está superada. No caso dos traballos tutelados, se o alumnado realiza máis de dúas entregas con estas características terá tamén a nota de 0 nos traballos tutelados, polo que non estará en condicións de superar a materia.

O alumnado que conte co

recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a ?Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC (Artigos 3ºb e 4º.5) do

29/05./2012 e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das

cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario? (Artigos 3º e 8ºb)

do 28/09/2016, poderá facer un seguimento non presencial da materia empregando a Moodle. Deberá realizar igualmente tódalas evidencias sinaladas

anteriormente (traballos tutelados; portafolios do alumno/a e proba mixta),

mais de xeito individual. Deberá respectar igualmente as datas de

entrega propostas para o alumnado asistente en cada un dos traballos tutelados a

realizar, facendo así un seguimento continuo da materia. En caso contrario, os traballos figurarán como non presentados, sendo

esta mesma a calificación a obtida na materia.

Manifestado isto, cabe mencionar que a avaliación contempla dúas opcións en función do nivel de asistencia:

Opción A. Dirixida a aquel alumnado que asiste/participa nas actividades de clase de forma ordinaria (asistencia mínima requirida do 80%):

- Elaboración dos traballos individuais ou en pequeno grupo: 15% da nota final

- Elaboración do portafolios/plan de comunicación: 25% da nota final

- Presentación oral dos traballos tutelados e do portafolios/plan de comunicación: 10% da nota final

- Proba escrita sobre os contidos da materia: 50% da nota final. Opción B. Dirixida a aquel alumnado que non asiste/participa nas actividades de clase de forma ordinaria (asistencia inferior ao 80%): - Elaboración dos traballos individuais ou en pequeno grupo: 20% da nota final.

- Elaboración do traballo final: 30% da nota final.

- Proba escrita sobre os contidos da materia: 50% da nota final.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Adell, J. e Castañeda, L. (2013). La anatomía de los PLEs. J. Adell y L. Castañeda (Eds.). Entornos personales de aprendizaje: claves para el ecosistema educativo en red (1-27). Alcoy: Marfil. Asociación Española de Responsables de Comunidad y Profesionales de Social Media (AERCO-PSM). (2012). Community Manager: Gestión de Comunidades Virtuales . Recuperado de <http://www.aercomunidad.org/publicaciones/gestion-de-comunidades-virtuales/Barbas>
- Coslado, A. (2012). Educomunicación: desarrollo, enfoques y desafíos en un mundo interconectado. Foro de Educación, Nº14, 157-175.
- Barkley, E., Cross K. P. e Major, C.H. (2007). Técnicas de aprendizaje colaborativo. Madrid: Morata.
- Belaustegui, L. (2014). El coworking: un nuevo concepto de organización del trabajo [Trabajo Fin de Master]. Bilbao: Universidad del País Vasco.
- Bolívar Botiá, A. (2003). Educar para la ciudadanía: entre el mercado y la exclusión social. *Curriculum: Revista de teoría, investigación y práctica educativa*, Nº16, 9-34.
- Bueno Abad, J.R. (2000). Concepto de representaciones sociales y exclusión. *Acciones e Investigaciones Sociales*, Nº11, 23-48.
- Díaz-Gibson, J., Civiš Zaragoza, M., Carrillo Álvarez, E. e Cortada Pujol, M. (2015). El liderazgo y la gobernanza colaborativa en proyectos educativos comunitarios. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, Nº 26, 59-83. Recuperado de: http://www.upo.es/revistas/index.php/pedagogia_social
- Doherty-Sneddon, G. (2009). El lenguaje no verbal de los niños. Buenos Aires: Lumen.
- Enz, Angélica et al. (2012). Manual de comunicación para organizaciones sociales: hacia una gestión estratégica y participativa. Buenos Aires: Asociación Civil Comunia.
- Etkin, E. (2012). Comunicación para organizaciones sociales: de la planificación a la acción. Buenos Aires: La Crujía.
- Fernández, J. D. e García, J. (2010). El valor pedagógico del humor en la educación social. Madrid: Desclée de Brouwer.
- Fernández Iglesias, J.L. (2006). Guía de estilo sobre discapacidad para profesionales de los medios de comunicación. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales: Madrid.
- Fernández Torres, M.J. e Paniagua Rojano, F.J. (2012). El poder de las redes sociales en la política y en los movimientos sociales. En I Congreso Internacional e Comunicación Política y Estrategias de Campaña (ALICE). Comunicación política 2.0 y liderazgo . Madrid, 6 e 7 de xullo de 2012. Recuperado de <http://www.alice-comunicacionpolitica.com/files/ponencias/240-F500009ce2401342179790-ponencia-1.pdf>
- García-Ruiz, R., Gozávez Pérez, V. e Aguaded Gómez, J.I. (2014). La competencia mediática como reto para la educomunicación: instrumentos de evaluación. *Cuadernos.info*, Nº 35, 15-27. doi: 10.7764/cdi.35.623
- García Uceda, M. (2001). Las claves de la publicidad. Madrid: ESIC.
- Goleman, D. (1995). Inteligencia emocional. Barcelona: Kairós.
- Herzog, B. (2011). Exclusión discursiva: hacia un nuevo concepto de la exclusión social. *Revista Internacional de Sociología (RIS)*, Vol. 69, Nº3, 607-626.
- James, J. (2010). La biblia del lenguaje corporal. Madrid: Paidós.
- Jáuregui, E. e Fernández, J. D. (2008). Alta diversión. Los beneficios del humor en el trabajo. Barcelona: Alienta.
- Jiménez Gómez, I. (2013). La ilusión de la libertad de elección. Coordinadora Estatal de Comercio Justo. Actualidad del comercio justo en España (28-37). Madrid: Coordinadora Estatal de Comercio Justo. Recuperado de: <http://comerciojusto.org/publicacion/la-ilusion-de-la-libertad-de-eleccion/?lang=gl>
- Learning World (2012, 14 de agosto). El diseño de las escuelas influye en el aprendizaje [Vídeo]. Recuperado de <http://es.euronews.com/2012/08/14/el-diseno-de-las-escuelas-influye-en-el-aprendizaje/>
- Lull, J. (2008). Los placeres activos de expresar y comunicar. *Comunicar*, Nº 30, 21-26. (DOI: 10.3916/c30-2008-01-003).
- Méndez García, C. (2013). Diseño e implementación de cursos abiertos masivos en línea (MOOC): expectativas y consideraciones prácticas. *RED: Revista de Educación a Distancia*, Nº39. Recuperado de: <http://www.um.es/ead/red/39>
- Navarro, V. (31 de diciembre de 2015). Ejemplos nefastos de la mal llamada economía cooperativa. *Diario Público*. Recuperado de: <http://blogs.publico.es/dominiopublico/15474/ejemplos-nefastos-de-la-mal-llamada-economia-cooperativa/>
- Oficina de Igualdad UNED (s.d.). Guía de lenguaje no sexista. Madrid: UNED.
- Ortega Carrillo, J. A. e Ortega Maldonado, A. (2013). El perfil del Community manager en entornos educativos. *Revista Creatividad y Sociedad*, Nº 21. Recuperado de: <http://www.creatividadysociedad.com/articulos/21/13.%20El%20Perfil%20del%20Community%20Manager%20en%20Entornos%20Educativos.pdf>
- Patiño, A. (2007). Extraños en las aulas. En L. Martín y Mijares (Eds.). *Voces del aula. Etnografías de la escuela multilingüe* (191-216). Madrid: CREADE . Recuperado de: <http://www.documentacion.edex.es/docs/1308ESPvoc.pdf>
- Pérez Cervera, M.J. (Coord.) (2011). Manual para el uso no sexista del lenguaje. Comisión Nacional para Prevenir y Erradicar la Violencia contra las Mujeres: México D.F.
- Pérez Serrano, G. (1993). Elaboración de proyectos sociales. Casos prácticos. Madrid: Narcea.
- Pérez Serrano, G. e Pérez de Guzmán Puya, M.V. (2005). *El Animador. Buenas prácticas de Acción Sociocultural*. Madrid: Narcea.
- Pinker, S.



(1995). El instinto del lenguaje: cómo creae el lenguaje la mente. Madrid: Alianza. Pinker, S. (2007). El Mundo de las palabras: una introducción a la naturaleza humana. Barcelona: Paidós. Sarramona, J. (Ed.) (1988). Comunicación y educación. Barcelona: CEAC. Sendín Gutiérrez, C. e Izquierdo Irazo, P. (2008). Guía práctica para los profesionales de los medios de comunicación: tratamiento mediático de la inmigración. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales: Madrid. Sloep, P. e Berlanga Heerlen, A. (2011). Redes de aprendizaje, aprendizaje en red. Comunicar-Revista Científica de Educomunicación, Nº 37, V. XIX, 55-64. Torres Menárguez, A. (15/02/2016). El mobiliario sí importa en la escuela. La diseñadora holandesa Rosan Bosch está revolucionando los espacios educativos ligados a nuevas metodologías de enseñanza. El País. Recuperado de: http://economia.elpais.com/economia/2016/02/10/actualidad/1455121704_660093.html Trilla, J. (Coord.), Soler, P. y Limón, D. (2013). El liderazgo educativo en el ámbito sociocomunitario. En XXXII Seminario Interuniversitario de Teoría de la Educación. Santander, 10-12 de novembro de 2013. Recuperado de <http://www.site.unican.es/Ponencia%204.pdf> Trillo Miravalles, M. P. (2012). Recursos Educativos en abierto: evolución y modelos. Foro de Educación, Nº14, 191-205. Sánchez, C.M. (22 de febreiro de 2015). Lomío es tuyo...¿y viceversa? XL Semanal, 16-23. Ugarte, D. (2010). O poder das redes: manual ilustrado para persoas, colectivos e empresas abocadas ao ciberactivismo. Santiago de Compostela: 2.0 Editora. Recuperado o 2 de xullo do 2013 de <http://lasindias.org/el-poder-de-las-redes/> Universidade de Vigo (2012). Guía de estilo APA para citar. Vigo: Biblioteca da Universidade de Vigo. VVAA (2009). Manual de metodoloxías participativas. Madrid: CIMAS. Recuperado de http://www.redcimas.org/wordpress/wp-content/uploads/2012/09/manual_2010.pdf Villalustre Martínez, L. & Del Moral Pérez, M. E. (2011). Webquest y wikis: búsqueda de información en red y desarrollo de competencias en colaboración. TESI, Teoría de la Educación y Cultura en la Sociedad de la Información, Nº 12, Vol. 1, 190-208. Watzlawick, P., Beavin, J. H. e Jackson, D.D. (1985). Teoría de la comunicación humana. Barcelona: Herder. West, R. e Turner, L. H. (2005). Teoría de la comunicación. Análisis y aplicación. Madrid: McGRAW Hill.



Bibliografía complementaria	<p>American Psychological Association. (2010). Manual de Publicaciones de la American Psychological Association (3ª ed. trad. da 6ª en inglés) (M. Guerra Frías, Trad.). México: Editorial El Manual Moderno.</p> <p>Berlo, D. K. (1980). El proceso de la comunicación. Introducción a la teoría y a la práctica. Buenos Aires: El Ateneo.</p> <p>Bonals, J. (2000). El trabajo en pequeños grupos en el aula. Barcelona: Graó.</p> <p>Carr, N. (2011). ¿Qué está haciendo Internet con nuestras mentes? Superficiales. Madrid: Taurus.</p> <p>Comas, D. (2010). Los presupuestos participativos y las políticas de juventud: un estudio de caso sobre la cultura de la participación social en España. Madrid: Injuve. Recuperado o 2 de xullo do 2013 de http://www.injuve.es/sites/default/files/presupuestos_participativos.pdf</p> <p>Delfos, M. F. (2009). ¿Me estás escuchando? Como conversar con niños entre los 4 y los 12 años. Madrid: Pirámide.</p> <p>Erice, J. (2010). Convencer. Descubra los secretos de los grandes comunicadores. Madrid: ESIC.</p> <p>Espada, J. P. (2001). Técnicas de grupo. Madrid: CCS.</p> <p>Fabra, Mª L. (1992). Técnicas de grupos para la cooperación. Barcelona: CEAC.</p> <p>Fernández, J. D. (2010). El valor pedagógico del humor en la educación social. Madrid: Desclée de Brouwe.</p> <p>Froufe, S. (1998). Técnicas de grupo en animación comunitaria. Salamanca: Amarú.</p> <p>Froufe, S. (2000). Análisis crítico de las actitudes bloqueadoras de la comunicación humana. Comunicar, 14, 97-102.</p> <p>Goleman, D. (2005). Inteligencia social: la nueva ciencia de las relaciones humanas. Barcelona: Kairós.</p> <p>Jáuregui, E. e Fernández, J. D. (2008). Alta diversión. Los beneficios del humor en el trabajo. Barcelona: Alienta.</p> <p>Latorre, X. (2001). El marketing aplicado a las ONGD: coherencias e incoherencias en relación con la educación para el desarrollo. Comunicar, 16, 113-119.</p> <p>Palleres, M. (1993). Técnicas de grupo para educadores. Madrid: ICCE.</p> <p>Pinker, S. (2000). Cómo funciona la mente. Barcelona: Destino.</p> <p>Pinker, S. (2003). La tabla rasa la negación moderna de la naturaleza humana. Barcelona: Paidós.</p> <p>Pinker, S. (2005). La tabla rasa, el buen salvaje y el fantasma de la máquina. Barcelona: Paidós.</p> <p>Pintado Blanco, T. e Sánchez Herrera, J. (Coords.) (2012). Nuevas tendencias en comunicación. Madrid: ESIC.</p> <p>Túñez, M. (2012). La gestión de la comunicación en las organizaciones. Sevilla: Comunicación Social. Universidad de Alcalá (2012). Plan estratégico de comunicación 2012. Alcalá: Universidad de Alcalá.</p> <p>Universidad de Alcalá (s.d.). Plan de Medios Sociales Biblioteca Universidad de Alcalá. Alcalá: Biblioteca Universidad de Alcalá.</p> <p>Vidalot Presas, Mª A. (2012). Comunicación y grupos sociales. Barcelona: UOC.</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Recoméndase realizar

un seguimento continuado da materia, estando ao día nas entregas dos traballos tutelados, así como organizando o portafolios do alumno/a ou plan de comunicación dende as primeiras sesións de traballo na aula. De igual modo, recoméndase facer uso do horario de titorías da profesora, ben individualmente, ben en pequeno grupo, facilitando así a comprensión dos contidos, a organización do traballo autónomo e a resolución de dúbidas ou cuestións que o alumnado formule. O material obrigatorio, así como aquel outro complementario que a profesora poñerá a disposición do alumnado na Moodle da materia, deberá ser consultado, facendo o alumno/a a súa propia organización do mesmo, así como unha lectura comprensiva. Este material está especificamente pensado para apoiar ao alumnado na realización dos traballos tutelados que se proporán e tamén orientados ao desenvolvemento do portafolios ou plan de comunicación, polo que se recomenda súa citación nestes traballos. De igual modo, recoméndase encarecidamente que os traballos que realice e entregue o alumnado sexan orixinais, evitando sempre o plaxio e limitando a extracción de ideas alleas sen a debida análise previa. O alumnado debe xestionar adecuadamente as referencias bibliográficas e as fontes de información en xeral que empregue para construír os traballos propostos, polo que se anima a este a consultar os manuais de citación APA ou a solucionar coa profesora dúbidas neste senso.

Para preparar a proba mixta

recoméndase ao alumnado, levar un seguimento continuado da materia, estruturando os contidos en mapas conceptuais e sintetizando aquela información máis relevante extraída dos materiais de referencia da mesma que estarán á súa disposición na Moodle. Igualmente, aconséllase comprender en profundidade os contidos, máis alá de memorizalos de forma literal, ser quen de explicalos e de relacionalos entre si e/ou con outros contidos da propia titulación. Por último, recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, non empregar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sustentable dos recursos e prever impactos negativos sobre o medio natural, así como ter en conta tamén a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías